

**SOFTWARE LIBRE****Aplicacións ofimáticas**

**07.05.2007 Na rede podemos encontrar uns cantos paquetes de programas de distribución gratuita que nos poden axudar a substituír suites de tecnoloxía propietaria como a popular Office da compañía Microsoft en boa parte das tarefas que desempeña**

**OCÉANO INTERNET**

Unha suite ofimática é un conxunto de aplicacións informáticas que inclúe como mínimo un procesador de textos e unha folla de cálculo, e talvez programas adicionais para realizar presentacións en pantallas de gran formato, un sistema xestor de bases de datos e ferramentas para traballar con elementos gráficos ou para xestionar as comunicacións –por exemplo correo electrónico–.

Cando falamos destas suites, seguramente un dos primeiros nomes que xorden é a da denominada Office de Microsoft ([www.microsoft.com/office](http://www.microsoft.com/office)), que na súa versión Basic inclúe o procesador de textos Word, a folla de cálculo Excel e o xestor de correo electrónico Outlook. Na súa versión profesional achega ademais as aplicacións Publisher para publicacións de negocios, a aplicación para presentacións PowerPoint, o xestor de bases de datos Access e o Outlook con Business Contact Manager.

Pero Office non é a única suite ofimática: hai moitas tanto comerciais como de software libre. As que queremos dar a coñecer nesta páxina son unhas cantas destas últimas, de distribución libre.

Unha das máis populares, por non dicir a máis popular, é OpenOffice.org, da que existen versións para os sistemas operativos Solaris, GNU/Linux, Windows e Mac OS X. E existe versión en galego desta suite para os tres últimos: podemos descargala desde o portal da Iniciativa Galega polo Software Libre en [www.mancomun.org](http://www.mancomun.org).

OpenOffice.org está baseado no código de StarOffice, unha suite ofimática desenvolvida por StarDivision e adquirida por Sun Microsystems en agosto do 1999, que aínda existe como suite comercial ([www.staroffice.com](http://www.staroffice.com)). O código fonte da suite foi liberado en xullo do 2000, coa intención de facerlle fronte ó dominio no mercado de Microsoft Office proporcionando unha alternativa aberta, de baixo custo e alta calidade, capaz de substituír sen problemas as aplicacións da outra na maioría dos casos. Inclúe programas de procesamento de textos, folla de cálculos, presentacións, debuxos e base de datos.

NeoOffice ([www.neooffice.org](http://www.neooffice.org)) é unha suite ofimática derivada desta, e exclusivamente para o sistema operativo Mac OS X, onde corre de xeito nativo fronte á OpenOffice.org para Mac, que só funciona se previamente se ten instalado o sistema de ventás denominado X11.

KOffice ([www.koffice.org](http://www.koffice.org)) é unha colección de programas ofimáticos libres para o contorno KDE en GNU/Linux. Inclúe once aplicacións, desde o procesador de textos e a folla de cálculo ata aplicacións para facer debuxos, diagramas ou fórmulas matemáticas.

A suite ofimática Gnome Office ([www.gnome.org/gnome-office](http://www.gnome.org/gnome-office)) foi desenvolvida polo proxecto libre Gnome e conta coas aplicacións AbiWord (procesador de textos), Gnumeric (folla de cálculo), Gnome-DB (aplicación xestora de base de datos) e Gimp (aplicación para manipular gráficos), que se desenvolve como proxecto independente pero que se inclúe nesta suite como un elemento máis.

E agora imos un pouco máis alá da simple suite ofimática. O proxecto eyeOS, que naceu en Barcelona, é un escritorio virtual multiplataforma, libre e gratuito, baseado no estilo do escritorio dun sistema operativo. Acostuma chamárselles a este tipo de proxectos Web OS ou Web Office. O paquete básico de aplicacións que veñen por defecto achega toda a estrutura dun sistema operativo e algunhas aplicacións de tipo suite ofimática como un procesador de textos, un calendario, un xestor de arquivos, unha aplicación de mensaxería, calculadora e máis.

En canto a Zoho Office Suite ([www.zoho.com](http://www.zoho.com)) é o nome dun conxunto de aplicacións web desenvolvidas mediante tecnoloxía Ajax que ten como finalidade ofrecer ferramentas de produtividade e colaboración completas e fáciles de usar. Dispón do procesador de textos Writer, a folla de cálculo Sheet, a aplicación de presentacións Show, a aplicación Wiki para crear webs especializadas do estilo dos wikis, Meeting para conferencias vía web e aínda unhas cantas máis.

Na Wikipedia, buscando por suite ofimática, atoparemos aínda moitas máis suites comerciais e de software libre.